IES LAXEIRO

CLUB DE CIENCIA 21-22

CREATIVIDADE E VULCANISMO

CURSO 2021-22

Introdución

Este proxecto encádrase no marco temático da Xeoloxía, ciencia que nos permitirá coñecer os volcáns facendo un percorrido dende a dinámica interna que ocorre baixo os nosos pés ata a a composición das rochas que expulsan e forman os volcáns. Tomaremos os volcáns como base para aprender sobre tectónica de placas, dinámica interna terrestre, estruturas volcánicas, erupcións, rochas volcánicas, riscos asociados aos volcáns e volcáns do noso entorno.

A idea principal que se pretende transmitir é a importancia do coñecemento do medio no que vivimos, neste caso centrado nos volcáns, xa que acabamos de ver fai poco a erupción dun volcán moi preto de nós. Aprender sobre o funcionamiento do interior da Terra e das súas manifestacións externas mediante diferentes actividades.

Obxectivos

1. Coñecer as partes dun volcán, as partes, materiales expulsados.
2. Introducir aos rapaces no funcionamento do interior da Terra e as súas consecuencias apreciadas no exterior.
3. Fomentar a curiosidade e autonomía dos rapaces no uso de Internet.

Procedemento

PRIMEIRA FASE. Pretendeuse que os nenos coñeceran dende cerca onde se atopaba o volcán da Illa da Palma, cando comezou a erupción, como avanzaba en directo, ademais de ver outras erupcións históricas. Para isto facilitáronselle os seguintes enlaces: https://info.igme.es/eventos/Erupcion-volcanica-la-palma , www.volcanodiscovery. e https://www.ign.es/web/vlc-serie-palma. A continuación eles mesmos debían ir atopando máis imaxes e vídeos .

SEGUNDA FASE. Mediante a visualización dunha presentación, explicouse ao alumando o obxectivo do proxecto, a temática e as distintas actividades que se pretenden realizar. Por último, para avaliar os coñecementos previos do alumnado respecto ó tema dos volcáns realizouse un cuestionario de seis preguntas relacionadas co tema dos mesmos.

O obxectivo principal destas dúas fases foi coñecer o funcionamento do proxecto, os participantes, as distintas fases e o tema principal en torno ao que xirarán todas las actividades a realizar: os volcáns.

Materiales - Presentación con la información sobre o Proxecto - Ordenador - Cuestionario/test inicial sobre os Volcáns

TERCEIRA FASE. Nesta última etapa pretendeuse resumir a orixe da actividade. Para isto, é foi importante coñecer a dinámica interna daTerra. .Ilustramos as teorías que levan a coñecer o interior da Terra mediante imaxes, vídeos e GIFs para axilizar a comprensión de conceptos que ocorren de forma moi lenta e inapreciable para o ser humano. Ademais, utilizamos ferramentas ao alcance de todos, como Google Maps, para poder observar o relevo resultante dos movementos internos da Terra, así como algúns importantes volcáns repartidos nos límites das placas tectónicas.

Resultados e conclusións

Non é casualidade que a maioría dos volcáns estén en determinados lugares, e ás veces a man do home tamén está presente no seu comportamento